

*Lingüística histórica
e edición de textos
galegos medievais*

**Edición a cargo de
Ramón Mariño Paz
Xavier Varela Barreiro**

Verba

Anexo 73

2015

LINGÜÍSTICA HISTÓRICA E EDICIÓN DE TEXTOS GALEGOS MEDIEVAIS

**Edición a cargo de
Ramón Mariño Paz
Xavier Varela Barreiro**

Verba
Anexo 73

2015

Universidade de Santiago de Compostela

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Edita

Servizo de Publicacións
e Intercambio Científico
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

DOI <http://dx.doi.org/10.15304/9788416533657>

ISSN 2341-1198

ISBN 978-84-16533-65-7

ÍNDICE

Presentación	5
--------------------	---

I. Lingüística histórica románica, ibérica e galega

En torno a los orígenes de las lenguas románicas y su emergencia escrita

Juan Pedro Sánchez Méndez	11
---------------------------------	----

Norma y variación en el romance de la documentación leonesa del siglo XIII

José Ramón Morala	29
-------------------------	----

A fronteira entre português antigo e clássico: português médio

Esperança Cardeira	55
--------------------------	----

Del Corpus (CICA) a la Gramàtica (Gca)

Joan Torruella	65
----------------------	----

Integración de recursos lingüísticos na plataforma RILG

Xavier Gómez Guinovart.....	93
-----------------------------	----

Variación diacrónica na expresión do sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo en galego

Ramón Mariño Paz	99
------------------------	----

Variación e cambio na morfoloxía do artigo definido galego

Francisco Dubert García	127
-------------------------------	-----

***Freguesía e parroquia*. Dúas voces que reclaman un dicionario histórico para a lingua galega**

Xavier Varela Barreiro	147
------------------------------	-----

A toponomástica como auxiliar da fonética histórica: algúns exemplos do ámbito galego-portugués

Paulo Martínez Lema	177
---------------------------	-----

II. Algunhas cuestións de edición de textos galegos medievais

Usos grafemáticos nas correccións marxinais primitivas do *Cancioneiro da Ajuda*: as grafías vocálicas

Alexandre Rodríguez Guerra	193
----------------------------------	-----

Aproximación grafemática á representación dos contextos de nasalidade vocálica no galego medieval

Pedro Dono López	227
------------------------	-----

Signos ou evidencias de corrección na escritura orixinaria da *Historia Troiana* (BMP Ms. 558)

Ricardo Pichel Gotérrez	245
-------------------------------	-----

Edición crítica e léxico: sobre algunhas cuestións de vocabulario na poesía profana galego-portuguesa

Manuel Ferreiro	259
-----------------------	-----

EXEMPLAR PARA AUTORÍA

Edición crítica e léxico: sobre algunhas cuestións de vocabulario na poesía profana galego-portuguesa*

MANUEL FERREIRO
Universidade da Coruña

O. PRELIMINARES

A pesar de que, traballo a traballo, artigo a artigo, a fixación do corpus textual trobadoresco galego-portugués é unha tarefa que avanza aos poucos (non sen algún retroceso), neste fundamental corpus literario perviven importantes problemas de edición que inciden no ámbito do léxico (e da lexicografía).

Noutros contributos xa revisamos algunhas cuestións que din respecto a problemas lexicais en textos da poesía profana galego-portuguesa. Velaí o caso de *veite* ‘pené’, provenzalismo que propuxemos con base na lectura fiel dos apógrafos italianos en lugar de *arreite*, produto dunha emenda lapiana dos manuscritos na edición de senllas composicións de Afonso X e de Fernand’ Esquio (Ferreiro 2010: 251-255)¹:

493 / 18,11 Alf X [B495/V78], v. 15:

E aquel mouro trouxe con o **veite**
dous compañões en toda esta guerra,
e demais á preço que nunca erra
de dar gran golpe con seu tragazeite.

1614 / 38,2 FerEsq [B1604/V1136, v. 9:

Escaralhado nunca eu diria,
mais que trage ante caralho ou **veite**,
ao que tantas molheres de leite
ten, ca lhe pariron tres en ù dia,
e outras muitas prenhadas que ten.

Igualmente, noutro lugar tamén defendemos a existencia dun *abeto* ‘desexo’ como alternativa a *achaco* (Lapa 1970: 282), *abato* (Rodríguez 1980: 302) ou *abaco* (Lopes 2002: 187), lecturas que historicamente se propuxeron na edición da coñecida cantiga «Don Beeito, ome duro» de Joan Airas de Santiago (Ferreiro 2014: 518):

* Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (FFI2009-08917 e FFI2012-32801), subsidiado, respectivamente, polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología” e mais polo “Ministerio de Economía y Competitividad”.

¹ Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D’Heur (1975: 10-93), coas correccións incorporadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración de Giuseppe Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido por Tavani, e das referencias convencionais dos manuscritos. Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro & Martínez Pereiro & Tato Fontaiña (2007).

Canto á lectura dos manuscritos, utilizamos as edicións facsimilares dos cancioneros: *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991, Lisboa, Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1982; *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.

1483 / 63,27 JAi [B1464/V1074], v. 10:

Vedes que moi grand' **abeto**:
foi beijar pelo bureco
a mia senhor.

Por procedementos parecidos chegamos á conclusión da existencia de un outro hapax nunha cantiga de Roi Queimado, a partir das leccións <toucar> B, <couçar> V, coa emerxencia dun verbo *touçar* 'ladrar' (en vez do inexistente *couçar* lapiano), que sobrevive no período contemporáneo en áreas marxinais galegas (Ferreiro 2012: 322-323):

1404 / 148,13 RoiQuei [B1385/V994], v. 11:

E começava-os el d' arriçar
de tra-la porta d' un seu celeiro,
un mui gran can negr' e outro veiro;
e começavan-s' a mí de **touçar**
en cima da besta en que ia.

E aínda os datos textuais extratrobadorescos confirman que a lección <ardeyros> de BV nunha cantiga de Afonso Soarez Sarraça debe ser corrixida para *arteiros* (Ferreiro 2012: 320), en liña co proverbio recollido, por exemplo, na *Crónica Troiana*: “Outrossy ño quiserõ os senores que a uila ficasse soa por sse ño perder cõmo outra uez fezera, ca dyz o prouerbio antigo que dos escarmentados sse fazê os arteyros” (Lorenzo 1985: 325):

1634 / 10,1 AfSrzsarr [B1622/V1155-1156], v. 5:

Non casará con ele nen polos seus dinheiros,
e esto saben donas e saben cavaleiros,
ca dos escarmentados se fazen máis **arteiros**.

Nesta liña de revisión textual da nosa lírica medieval, o presente contributo vai centrar en diversas voces problemáticas, a teor dos datos subministrados polos testemuños manuscritos, contrastados coa información doutros textos coetáneos e mais coa propia información fornecida polas fontes lexicográficas galegas e portuguesas.

1. ACEBER (vs. RECEBER)

Na cantiga 482 do corpus profano («Fui eu poer a mão noutro di-»), unha interesante composición escarniña de Afonso X transmitida polos dous apógrafos italianos (B 484, V 67), rexístranse, para alén dunha lacuna no v. 2, algúns problemas editoriais que as diversas achegas realizadas aos textos afonsinos non resolveron satisfactoriamente. No final da cantiga, no v. 28, aparece o que sen dúbida constitúe un dos *loci critici* do texto. Vexamos a clásica edición de Lapa (1970: 24), seguida fielmente polos posteriores editores:

482 / 18,20 Alf X [B484/V67], v. 28:

– Fel e azedo bevisti, Senhor,
por min, mais muit' ést' aquesto peor
que por ti bevo nen que **recebi**.

O problema reside en que os apógrafos italianos presentan a coincidente lección <aceui> na palabra rimante do derradeiro verso da estrofa, distante do *recebi* que o sentido parece esixir e que Lapa, perante a aparente ‘anomalía’ da forma transmitida por BV, emenda sen ningún comentario; do mesmo xeito, seguindo a proposta crítica do editor portugués, a dupla edición de Paredes prolonga o texto lapiano sen comentario de ningún tipo (Paredes 2001: 235 e 2010: 213).

Porén, non conseguimos documentar o erro <a>/<re> nos apógrafos italianos, cuxa existencia podería xustificar a emenda lapiana. Polo contrario, a confusión ou lapso <u>~<v>/ aparece con relativa frecuencia ao longo dos cancioneros: *sabor* <savor> B (114.17), *ben* <vē> B (205.2), *ben* <uen> V (884.3), *trabalh’ e* <traualhe> V (1348.19), *Beeito* <ueeyro> V (1484.1), *Beeito* <ueeyto> V (1484.3), *Belpelho* <velpelho> V (1489.1) etc. É por isto que, tendo en conta a real existencia deste erro, propomos a interpretación da lección <aceui> como *acebi*, P1 do pretérito indicativo de *aceber* ‘receber’ (do lat. ACCĪPĒRE ‘coller, recibir’, derivado de CAPĒRE, igual que RECĪPĒRE)², un verdadeiro hapax no corpus trobadoresco galego-portugués, e forma moi rara na lingua medieval, pois só conseguimos localizala en catro documentos³:

Et **accepimos** de uobis precio por herdade de suso dicta & por essa mea casa .c. soldos que a nos & a uos plougo & a todo {est} de suso (doc. galaico-latino de 1259, cf. Souto Cabo 2008: 116).

& porē **Accebemos** de uos prezo que a todos ben plougo .Lx. soldos vnde nos fomos ben pagados & de toda rē nō remaezeo apos vos por dar (doc. de 1259, cf. Souto Cabo 2008: 118).

et **acibi** de vos en prezo ende me outorgo por ben pagado L solidos alffonsies et renuncio que nuncha contra esta vençon al possa diser nen façer (doc. de 1291, cf. TMILG, s. v. *acibi*).

outrosi uos uendo toda quanta uos ajo por uoz desta mina nana Maria Gonçalues na fижlesia de Ssan Migel de Villa Cháá & en sseus terminos que pertéeçe a este casal de Paaços & **açebj** de uos por preço que a m] muyto prougo, cõuē a saber: ... (doc. de 1310, cf. CIPM, s. v. *açebj*).

Xa que logo, é absolutamente desnecesaria a emenda realizada por Lapa (e Paredes), igual que non resulta lingüística e textualmente pertinente o *acevi* de Graça Videira Lopes, que propón tal forma como equivalente dun hipotético substantivo *acever*: “será certamente o *acever* ou azevém, erva amarga da familia do aloés que se utilizava como medicamento” (Lopes 2002: 72).

Eis, pois, a nosa proposta crítica para estes versos da cantiga afonsina:

Fel e azedo bivisti, Senhor,
por min, mais muit’ ést’ aquest’ o peor
que por Ti bevo nen que **acebi**.

Canto á eventual presenza deste verbo na lingua moderna, o *aceber* medieval talvez teña a ver co *acibir* recollido por Rivas Quintas cun significado desviado, mais que pode ser asimilado a ‘recibir’: “Coger con la mano algo que ha sido lanzado (Fondo

² José Joaquim Nunes aínda recolle un antigo *deceber* ‘enganar’ que ten de ser tamén derivado de CAPĒRE, a través de DECĪPĒRE ‘sorprender, enganar’ (Nunes 1928-29: 26). De calquera xeito, a teor dos datos subministrados polo CODOLGA [consultado en 1-10-2013], as ocorrencias de *accipere* son numericamente moi inferiores (menos da metade) ás de *recipere* na documentación latino-galaica.

³ Os dous documentos editados por Souto Cabo en 2008 foron republicados no ano seguinte en Boullón Agrelo & Monteagudo (2009: 135-137).

de Vila). Hablando de una pelota, por exemplo, dice un chico a otro: *¿Acibes?; non acibiches e caeu ó chau*” (Rivas Quintas 1978: s. v. *acibir*).

2. AVILTAR (vs. AVILAR)

O lat. tard. VILITĀRE (vid. Cunha 1989: s. v. *aviltar*) deixou como resultados as formas *viltar* e *aviltar* ‘aviltar, ofender, deshorrar’, ambas as dúas ben documentadas no corpus poético galego-portugués:

7 / 13,1 AiMoAsm [B7], vv. 9-10:

se vos prouguer, devedes
oj’ a mia barba a onrar,
que sempr’ onrada sol andar,
e vós non mi **aviltedes**
– Cavaleiro, i **aviltar**
nunca ja m’ oiredes.

468 / 18,23 Alf X [B471^{bis}], vv. 17-18:

E, se m’ eu quisese seer **viltada**,
ben acharia quen xe me **viltasse**.

A carón destas formas verbais tamén se rexistra o substantivo derivado *viltança* no refrán dunha cantiga de Airas Nunez: *mais non con asperança / ... / ... / senon mal e viltança* (514.r2). E, do mesmo xeito, nas *Cantigas de Santa Maria* tamén se atesta *viltar* e *viltança*: CSM 162.10, 192.119, 238.3, 411.84; 24.37, 57.56, 136.11 (Mettmann 1972: s. v. *viltar*, *viltança*).

No entanto, nunha cantiga de Martin Soarez aparece unha variante *avilar* a partir da edición lapiana (Lapa 1970: 433), que foi admitida neste punto por Bertolucci Pizorusso (1992: 119) e por Lopes (2002: 306):

1375 / 97,3 MartSrz [B1357/V965], v. 2:

Cavaleiro, con vossos cantares
mal **avilastes** os trobadores.

Porén, en todo o período medieval só conseguimos documentar tal variante nunha pasaxe do *Castelo Perigoso*, onde aparece unha forma *avillar* (coa significativa variante *aviltar* nun manuscrito alternativo):

E levarom-no ao bispo Anas e foy toda aquela noite despendida em o **avillar** [aviltar B] e despreçar e escarneçer e o ferir de bofetadas e lançar escarros çujos em aquela gloriosa façe que os anjos desexan esguardar (Silva 2001: 154)⁴.

A partir da consideración de todos estes indicios textuais, parece recomendábel a corrección da lección manuscrita <auilafes> BV, de fácil xustificación paleográfica a

⁴ De acordo cos datos fornecidos polo TMLG, *viltar* e *aviltar* son tamén as únicas formas atestadas: *et predicaua avnydade de Deus, et desdezia os ydolos, et viltauaos* (Tradución galega da *General Estoria*); *señor caualeyro, nõ he deryto nõ rrazõ de falar cõ uosco en amor nõ cõ outro nõgũ ca vos meesmo seriades aquel que me tẽeriades por maa et viltada* (*Historia Troiana*); *Et teuese por escarnido et por aviltado* (*Crónica Xeral*); *et desde que vio que era prene despreçame, et aviltame* (Tradución galega da *General Estoria*); *Et avilto o moyto et moy mal, ca avia del grande sospeyta* (*Historia Troiana*). Cf. tamén *aviltadamente* na *Crónica Xeral*: *Et el leuarõno muy aviltadamente a casa de Abeniafa et os outros con elle*.

través da omisión de <t> contiguo a <l>, semellante á aparición de, por exemplo, <marijž> B *Mar[t]iiz* (460.5) ou <ourem> BV *ou[t]ren* (730.8)⁵:

Cavaleiro, con vossos cantares
mal **avil[t]astes** os trobadores.

3. *DORMON* (vs. *DORNON*)

No coñecido sirventés «Non me posso pagar tanto» de Afonso X aparece, xa desde a primeira edición de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (2004: 166), o helenismo *dormon*, con obvia acentuación oxítona (pola rima con *sazon*, *razon* etc.), que constitúe un hapax na lírica profana e, mesmo, até onde chegan os datos que manexamos, na lingua medieval e posmedieval.

478 / 18,26 Alf X [B480/V63], v. 21:

mais tragerei ù **dormon**
e irei pela marinha
vendend' azeite e farinha.

A estudosa xermano-portuguesa acláranos que a palabra grega *dormon*, “empregada por Afonso X para un tipo de barco de carga a vela, só foi comum na Península, como em todas as partes, na Idade Média. De fontes galego-portuguesas mesmo não posso apresentar outro exemplo. Mas certamente viu Lisboa, além da única vez que sei, un *dromon* (ou uma *dromunda* = alem. med. *dragmund*, *tragmunt*) atracar no seu excelente porto” (Michaëlis 2004: 170).

A pesar da información fornecida por Michaëlis, amplificada aínda nunha nota a rodapé, diversos editores levantan a posibilidade de estarmos perante unha forma *dornón*, aumentativo de *dorna*, a típica embarcación galega das Rías Baixas: “Pode porém tratar-se de uma forma *dornon*, aumentativo de *dorno* ou *dorna*, forma esta aínda usual em galego, com o significado de «embarcação pequena»” (Lapa 1970: 13); “También podría ser un aumentativo del gallego *dorna* ‘embarcación pequeña’” (Paredes 2001: 214; 2010: 193).

No entanto, a existencia das formas *dromon* e *durmon* no castelán medieval, definidos como “Nave de mucha eslora con una o dos órdenes de remos” (Gago-Jover 2002: 156-157), que xa fora citada por Michaëlis nas *Glossas Marginais*⁶, desautoriza a posibilidade de emenda textual suxerido por algúns editores. Eis, pois, o afonsino *dormon* documentado, baixo a forma *durmon*, no trecentista *Libro de Alexandre* castelán:

poro era grant omne auie grant coraçõ
traya un elefant maor que un **durmon**
delos fieros gigantes traya generaçon
era solo de ueer lo vna fiera uision.

E coa forma *dromón* tamén aparece na *Gran conquista de Ultramar*:

en aquella flota hauia c1 galeas fuertes & bien fechas & de otras taridas para los cauallos fasta quarenta & otras naues grandes que llaman **dromones** que

⁵ Así o fai, por outra parte, Carolina Michaëlis de Vasconcelos en 1904 (Michaëlis 1990 [1904]: 651).

⁶ “[...] Sobre δρόμων lat. med. *dromon* (Isid. *Etym.* XIX 1, 14), fr. ant. *dromon*, esp. *durmon*, *dromon* (*Gran Conq.* IV, cap. 32), port. *dormon*, comp. Du Cange s. v. *dromones*; o esp. ant. Alex. 1862 [...]” (Michaëlis 2004 [1896-1905]: 170, n. 14).

estauan llenas de muchas maneras de armas & lleuauan engeños & muchas pedreras & manganillas & mucha madera & todo aquello que era menester para cercar & combatir villas & castillos⁷.

Deste modo, fica inhabilitada calquera outra posibilidade ecdótica, e *dormon* ‘barca’, conservando a lección transmitida por BV, confirmase como un hapax seguro na lingua medieval e moderna, procedente do gr. *dromon* ‘navío de carga’, pois, para alén da unánime lección dos manuscritos, a *dorna* medieval atestada na documentación antiga (vid. TMILG, s. v. *dorna*) refírese sempre a un recipiente onde se recolle o viño despois de pisar a uva, e nunca a ‘barca’, que parece ser unha evolución semántica posmedieval.

4. ESPEITAR (vs. ESPREITAR)

En dúas cantigas de Estevan da Guarda achamos a documentación dun verbo *espeitar* que levantou dúbidas canto á súa consideración e, mesmo, ao seu significado. Na magna edición de Manuel Rodrigues Lapa, tal verbo foi ignorado por dous procedementos diferentes. Na primeira cantiga do trovador posdionisino, a partir das leccións <|eʃpeĩç> B, <|eʃpeĩç> V, Lapa considerou a existencia dun erro de copia a través da fixación de *espreitar*, que tamén podería encaixar no contexto da cantiga (Lapa 1970: 183):

1331 / 30,27 EstGuar [B1314/V919], v. 1:

Pois cata per u m’ **espreite**
con sas razóns d’ engano
e me quer meter a dano.

Efectivamente, o verbo *espreitar*, aínda que de uso restrito na Idade Media, pode encontrarse en diversas pasaxes das *Cantigas de Santa Maria*⁸ en pleno período trobadoresco⁹:

Porend’ un día o **espreytou** aly
u est[ava pint]ando, com’ aprendi,
a omagem da Virgen, segund’ oý,
e punnava de a mui ben compõer (CSM 74.25)¹⁰.

E ante que morresse a Virgen, fora feita
a semellante dela por destroyr a seita
dos judeus e do demo, que sempre nos **espreita**
por fazer que caíamos en err’ e en folya (CSM 264.33).

Ca os mouros **espreitaron** | quando el Rei ben seguro
estava deles, e toste | foron fazer outro muro
ontr’ o castel’ e a vila, | muit’ ancho e fort’ e duro (CSM 345.21).

Porén, a edición crítica de Estevan da Guarda realizada por Walter Paganí rexeita a lectura lapiana para restaurar unha forma *espeite*, de *espeitar*, que o editor remite a Santa Rosa de Viterbo, cuxas explicacións relacionan *espeitar* e *espreitar* na definición:

⁷ As dúas citacións castelás son tiradas de Gago-Jover (2002: 156-157).

⁸ Sobre as hipotéticas documentacións na prosa (segundo o TMILG) vid. *infra*.

⁹ No CdP achamos algunhas documentacións de *espreitar* en textos pertencentes na súa maioría ao século XV, coa excepción dalgún rexistro localizado nas traducións das *Partidas* afonsinas.

¹⁰ As citacións do texto das *Cantigas de Santa Maria* son feitas sempre a partir de Mettmann (1986-1989).

ESPEITAMENTO. Opressão, arrasto, vexame, que a alguém se faz por ocasião de ter espiado, espreitado ou maliciosamente inquirido as suas particulares acções. Vem de *espeitar*.

ESPEITAR. Arrastar, vexar, oprimir, espreitando para este fim os passos e acções alheias. Nas Cortes de Santarém de 1361, art. 43, se diz: *Se os Meirinhos, ou outras Justiças, fazem troncos, ou algumas outras prizões em alguns Logares, hu as nunca ouve: e este fazem maliciosamente, pera fazerem dano na terra, e para espeitarem as gentes: Lhe digam os Logares, hu sse esto faz, e fará correger o mal, e o dano, e o espeitamento, que se por esta razom fez* (Santa Rosa de Viterbo 1965-66, s. v. *espeitamento, espeitar*).

Esta debeu ser a fonte utilizada por Cândido de Figueiredo para *espeitar* no seu dicionario, onde, cualificado como *antigo*, este verbo é definido como “Vexar, espreitando, espiando”, ao tempo que o deriva do lat. SPECTARE (Figueiredo (1978 [1939]: s.v. *espeitar*)¹¹. E confusión similar debe estar na base do texto de López Ferreiro nuns documentos en que o sentido esixe a presenza de *espeitar* (e *espeitamento*), fronte ao *espreitar* (e *espreitamento*) que se rexistra na edición do erudito compostelán, conforme o texto recollido no TMILG¹²:

tomas Roubas Prigoes et **espreitamentos** secrilegios et todollos outros dannos et iniurias

et que os non chagen nen prendam nem maten nem façan prender nen matar nen **espreytar** nen desonrrar enna uilla nen fora della nen **espreyte** nennos ponna fora da uilla

presos mortos nen chagados nen **espreytados** segundo mays compridamente he contiudo ennos ditos artigos

non deumos matar nen prender nen **espreytar** nihuun uosso vassallo fillodalgo nen Rageengo

Con efecto, *espeitar* non ten relación etimolóxica (nin semántica) con *espreitar*, pois debe provir de *EX-PACTARE, derivado de *PACTARE, que desembocou no frecuente *peitar* ‘pagar (unha multa)’ da documentación notarial. E é por isto que *espeitar* aparece definido como “extorquir dinheiro a alguém, pedir rescate por alguém” por Mettmann (1972: s. v. *espeitar*)¹³ a partir dos rexistros das *Cantigas de Santa Maria*:

e foi pres’ en seu serviço, | e en carcer tēevrosa
o meteron e en ferros, | como gente cobiiçosa,
De muitas guisas los presos | solta a mui groriosa ...
En tal que o **espeytassen** (CSM 158.10).

O ome bõo avia | nomeada que aver
avia grand’; e porende | os que soyan fazer
mal e rroubavan a terra | fórono enton prender
e, mao peccad’, avian | de o **espeitar** sabor (CSM 245.33).

¹¹ Por outra parte, Meyer-Lübke recolle un errado port. *espeitar* ‘blicken’ (1972 [1935]: s.v. *expectare*).

¹² Os tres primeiros exemplos proceden de López Ferreiro (1901), e o último foi extraído de López Ferreiro (1975 [1895]).

¹³ É moi probábel que a definición de *espeitar* como “ver, olhar” que Nunes recolle na súa “Contribuição” lexical estea errada, sen que o contexto aducido sexa elucidativo: *queria espeytar que fosse ant’ el* (Nunes 1928-29: 36).

Con similar contido semántico (“abrumar con tributos, despojar”) é rexistrado por Lorenzo no glosario da edición da tradución da *Crónica Xeral* (Lorenzo 1977: s. v. *espeytar*), onde se atesta en tres ocasións¹⁴:

Et começou aa **espeytar** os omes boos dos concellos, et meter en seruidiẽ as jgleias et os moesteyros, et tomar as terças das jgleias.

Et **espeytaua** os omes boos dos concellos.

Et entõ andaua o conde dom Aluaro pela Estremadura, **espeytando** os omes bõos das vilas et fazendo y muytas cousas desaguisadas.

Tamén se documenta na *Crónica Troiana*:

Et sua uoontade era de ia mais nõ querer a nihũ fazer torto, nẽ dano, nẽ guerra, nẽ prender, nẽ **espeytar**, nẽ lles fazer outro noio.

Et contoulle(s) cõmo fuy **espeytado** et desonrrado.

E este mesmo significado pode verse na maioría das (escasas) documentacións medievas en diversos documentos notariais, nalgũs dos cales xa se percibe unha ampliación semántica de *espeitar* até ‘vexar, oprimir’:

Et ssobre los outros que y fforen daqui adeante de fforo en tal maneira que sse os alcaides ou cada hun delles **espeytaren** ou tornaren ou fezeren maliçia alguna ssen rrazon que sseia desseruiço de nosso sennor el Rey, ou danno do Conçello (doc. de 1344).

Outrosy mandamos que o dicto Marrin [sic] Bezerra, nen sua moller, nen suas uozes, nen seus omes, nen outro por seu mandado, non maten, nen chaguen, nen prendan, nen **espeyten** niuus mercadores et outros omes et bestas, et mercadorias et ganados et cousas quaesquer et de qualquer sennorio que para a dicta vila da Crunna veeren ou dela leuaren merchantemente ou çinplemente (doc. de 1395).

et que se algũs seyan que eran prendados, pinorados e **espeitados** contra toda justiça (doc. de 1447).

et agora o dito Diego Afonso se ausentara a outras partes et se fora ao mosteiro de Santo Esteuo et leixara a dita obra aberta e os quería **espeytar** et non quería vyr (doc. de 1456)

et o tragian por los montes et de noyte o metían eno ryo et de día lle dauan maa vida et pancadas et tormentos et o tiñan **espeytado** por çen dobras (doc. de 1458).

A teor destes datos fica, pois, confirmada a lección *espeite* na cantiga 1331 de Estevan da Guarda, en liña coas edicións posteriores á compilación satírica de Rodrigues Lapa (Pagani 1971: 130; Lopes 2002: 509):

Pois cata per u m’ **espeite**
con sas razões d’ engano
e me quer meter a dano,
per end’, ante que mo deite,

*deitar quero eu toda via
o ma[s]tique a Don Macia.*

¹⁴ Todas as ocorrencias de *espeytar* / *espeitar* nos textos prosísticos recollidos a seguir están tiradas do TMILG.

Mais na produción de Estevan da Guarda aínda existe unha outra pasaxe en que o verbo *espeitar*, a través da forma de participio, debe estar presente. Na cantiga 1332, Lapa preferiu a variante de V (<efpeytado> B, <aspeytado> V), de modo que propón unha forma participial de *aspeitar*, que é anotada co significado de ‘visto, considerado’, se cadra a pensar no lat. *EXPECTĀRE* ou *SPECTĀRE* (Lapa 1970: 205):

1332 / 30,35 EstGuar & Don Josep [B1315/V920], v. 42:

e el queria de vós, desarreigado,
de vos aver assi [mal] **aspeitado**
com’ oj’ el é pelo maior juiz.

Porén, a variante de B está a indicar que a forma correcta parece ser *espeitado*, coherente co contido da cantiga (sobre o problema dos impostos, *talhas*, aos xudeus) e, obviamente, acorde coa presenza do mesmo verbo noutra cantiga do mesmo trobador:

e el queria de vós, desarreigado,
de vos aver assi [mal] **espeitado**
com’ oj’ el é pelo maior juiz.

Deste xeito fica ben establecida a existencia de *espeitar* na poesía trobadoresca profana e mais tamén a súa (limitada) presenza en textos medievais prosísticos, aínda que no século XV xa se rexistra con menor frecuencia, pois só achamos dúas documentacións en textos portugueses deste século (vid. CdP: s. v. *espeitado*, *espeitar*):

e ha temor de seer esbulhado ou **espeitado**, e teme de cair em proveza e em mingua, e teme-se de seer confundido e envergonçado per mal-dizer que dele digam (*Boosco Deleitoso*).

e que não sejam postos per afeições nem roguo nem apremar nem **espeitar** o povo que ande julgar em justiça e direito (*Crónica de Portugal*, 1419).

Modernamente desapareceu esta voz, aínda que se rexistra un *espeitar* derivado de *EXPECTĀRE* ou de *SPECTĀRE*, recollido en terras ourensás (Covelas, Blancos) co significado de ‘escoitar, atender’, exemplificado no contributo lexicográfico de Rivas Quintas (1988: s. v. *espeitar*) coa frase *Espeita, espeita, a ver que é o que di*.

5. ESTREMAR (vs. ESTIMAR)

En todas as edicións da cantiga «*Un ricomaz, un ricomaz*» de Roi Paez da Ribela aparece a única atestación da forma *estimar* na poesía trobadoresca galego-portuguesa. Eis o texto lapiano (1970: 606), seguido por Barbieri (1980: 76) e Lopes (2002: 444), ao tempo que coincidente neste punto co fixado por Michaëlis nas *Glossas Marginais* (2004: 147-148):

1456 / 147,20 RoiPaezRib [B1437/V1047], v. 12:

Quen vee qual cozinha ten
de carne, se s’ i non deten,
non poderá **estimar** ben
se x’ este carne, se pescaz.

En consecuencia, esta sería a primeira documentación de *estimar* na lingua, pois, conforme os datos subministrados polo TMILG, aínda que o substantivo *estimaçon* (e as súas variantes) se atesta por vez primeira na derradeira década do século XIII, o

verbo *estimar* (con cerca de trinta ocorrencias neste banco de datos) só comeza a aparecer no século XIV.

Que *estimar* constitúe un latinismo resulta obvio pola existencia de *esmar* e *osmar* como derivados patrimoniais de AESTIMĀRE, resultados que conviven nos textos trobadorescos (e tamén nos restantes textos prosísticos medievais) co significado de ‘calcular, avaliar’¹⁵, o mesmo valor que Rodrigues Lapa atribúe ao suposto *estimar* da cantiga.

Á vista dos datos resulta certamente extraordinaria a presenza de *estimar* nun corpus que, en xeral, presenta escasas formas eruditas ou raros latinismos, razón por que é necesario rever con atención o texto dos cancioneiros. E, con efecto, a relectura dos apógrafos italianos mostra como a lección manuscrita de B é <eft’imar>, como se <m> tivese catro trazos, mentres que V achega <eft’mar>, perfectamente correcto para unha interpretación *estremar* ‘estremar, separar, distinguir’ (pola abreviatura de <re> nos dous manuscritos):

Quen vee qual cozinha ten
de carne, se s’ i non deten,
non poderá **estremar** ben
se x’ ést[e] carne, se pescaz.

Deste xeito, *estremar* revélase como a lectura certa, que resulta coherente co sentido da estrofa e cos usos lingüísticos da lírica profana, onde tal forma se atesta noutras dúas pasaxes: *perdi o sén e non poss’ **estremar** / o ben do mal nen prazer do pesar* (516 / 25,89 Den [B518/V101], r1); *ca a peça non se espeça / u se **estrema** do vermelho* (629 / 130,2 PLar [B613/V215], v. 6).

6. ODER (vs. COSER)

O verbo *coser* é unha voz documentada ao longo de toda a historia da lingua, e así o mostra a súa presenza nas *Cantigas de Santa Maria* (vid. Mettmann 1972: s. v. *coser*) e en diversas obras e documentos ao longo da Idade Media (vid. TMILG, s. v. *coser* etc.), case sempre con *coseito* como forma de participio (vid. TMILG, s. v. *coseito*, *coseyto*), especialmente nos textos dos séculos XIII-XIV.

Tamén na lírica profana se rexistra tal verbo nunha cantiga de Pero da Ponte:

1663 / 120,43 PPon [B1651/V1185], v. 17:

E quen d’ aver ouver sabor
non ponha sa filh’ a tecer
nen a cordas nen a **coser**.

Xunto con esta ocorrencia aparece unha outra certamente discutíbel nunha cantiga de Lopo Lias, que desde a súa primeira edición presenta o verbo *coser* no segundo verso do refrán. O texto de Lapa (1970: 390-391), inalterado en Pellegrini (1969: 19-20) e Lopes (2002: 271), é o seguinte:

¹⁵ Vid. *esmar* en 479.1 e, especialmente, *osmar* en 11.18, 27.3, 60.22, 61.10, 95.11 e 17, 115.8, 120.16, 128.14, 187.11, 241.20, 358.29, 426.9, 433.17, 526.1, 532.15, 543.8 e 15, 570.22, 849.17, 905.3, 1010.3, 1032.17, 1090.1, 1664.33, 1673.10 e 14.

1360 / 87,8 LoLias [B1343/V950], r2:

“Maa sela tragedes,
por que a non **cosedes**?
Maa sela levades,
por que a non atades?”.

O problema xorde cando comprobamos que a lección enviada polos manuscritos é un unánime e claro <odedes>, que está paleograficamente ben lonxe de *cosedes*. E, na realidade, a lección de BV é perfectamente correcta se considerarmos o verbo *oder*, que, tal como xa hai tempo explicou José Luís Pensado (1958: 56), procede do lat. *OBĎĚRE* ‘pór diante, cerrar, obstruír’, e que aparece ben documentado noutros textos medievais co significado de ‘atar’. Para alén do texto comentado por Pensado nos *Miragres de Santiago* (“–Et mādoulle **oder** hũa m[oa] ãna gargãta et deitalo ãno rrio do Tibre”), documéntase nas *Cantigas de Santa Maria*:

Pois que sayu da eigreja, | os dedos entou meteu
ena boca e tan toste | tirou-a end’ e **odeu**
a ostia ena touca (CSM 104.32).

E logo tan toste o meiryngo
disse: “Varões, levade-a ja
fora da vila cab’ o camño
u hũa casa mui vella está:
y a metede
dentr’ e **odede**,
des i pōede
ll’ o fog’ a perfia” (CSM 255.103).

No cancionero relixioso de Afonso X, *oder* atéstase tamén coa forma participial *odeito*:

Pero avẽo-ll’ atal que ali u sãava,
cada un nembro per si mui de rig’ estalava,
ben come madeira mui seca de teito,
quando ss’ estendia o nervio **odeito** (CSM 77.38).

... E [tal] consello preseron
que eno mar o deitassen, | e un canto lle poseron
odeito aa garganta | e dentro con ele deron (CSM 193.17).

Deste xeito, tal como xa indicou Montero Santalla no seu estudo das rimas na poesía galego-portuguesa (2000: 630-631), o texto do trobador monfortino debe ser reeditado de modo que transpareza o verbo *oder* realmente utilizado por Lopo Lias:

“Maa sela tragedes,
por que a non **odedes**?
Maa sela levades,
por que a non atades?”.

Por outra parte, tamén podería considerarse a presenza deste mesmo verbo nunha cantiga de Afonso Sanchez, xa que a secuencia manuscrita final <podeo ode> do v. 20 ten como lectura posíbel (e factíbel) *pode e ode*, face a todos os editores que

reconstrúen artificialmente o verso na procura dunha interpretación axeitada (vid. tamén Montero Santalla 2000: 361)¹⁶.

383 / 9,2 AfSchz [B415/V26], v. 18:

Pero se ten por fremosa
máis que s' ela poder pode,
pola Virgen gloriosa,
ñu omen que pode e **ode**
e ar deseja, na forca
estando, cerrou-lh' a boca
e chamou-lhe Dona Gondrode.

7. VIDA (vs. VIANDA)

Nesta revisión de problemas lexicais nos textos trobadorescos profanos, case sempre nas cantigas de escarnio, chama a nosa atención unha outra emenda que todos os editores realizaron no refrán dunha cantiga de Joan Servando, a partir do texto crítico de Manuel Rodrigues Lapa (Lapa 1970: 347; véxase tamén Lopes 2002: 236)¹⁷:

1439 / 77,5 JServ [V1029], r2:

*Eu con os apartados fui enton i
apartado da vi[an]da, e non comi.*

Con efecto, a alusión á comida con que se inicia a cantiga (*Comeron infanções, en outro dia, / ..., / e deron-lhi linguados por milhoria*), así como a real existencia da voz *vianda* nos textos medievais (vid. TMILG, CIPM e CdP, s. v. *vianda*), podería xustificar eventualmente a emenda de <uida>, que do punto de vista métrico non ofrece tampouco problemas.

Con todo, a corrección lapiana é absolutamente desnecesaria, pois o substantivo *vida* tamén significa 'comida', como ben mostran dúas pasaxes das *Cantigas de Santa Maria* e como é explicado no *Glossário* de Mettmann (1972: s. v. *vida*):

Como Santa Maria fez a un fisico que se metera monje que comesse das **vidas** que os outros monjes comian, que a el soyan mui mal saber (CSM 88).

El estand' en tal perfia, | pareceu-ll' a Groriosa
con hũa branqu' escudela | de prata, grand' e fremosa,
chêa dun manjar mui jalne, | non de **vida** saborosa, mas amarga (CSM 152.23).

E esta acepción de *vida* tamén aparece na prosa tabeliónica: véxase, a modo de mostra, a seguinte pasaxe tirada dun documento notarial de 1277:

Et en aquella cassa que ora esta coberta en mia **vida** collerme ey y quando quiser comer y do que ouuer (cf. TMILG, s. v. *vida*).

¹⁶ A nosa proposta editorial para esta estrofa afástase notoriamente do texto fixado por todos os editores nos vv. 18-20: *un ome que fede a bode / e cedo seja na forca, / estand' a cerrar-lh' a boca* (Lapa 1970: 108); *um homem que por defrode / e ardom seja na forca, / estand' a cerrar-lhe a lorca* (Lopes 2002: 468); *un home queode, / e cedo seja na forca, (?) / estando, cerroulh' a boca (?)* (Arbor Aldea 2001: 200); *hum homem qu' <a>o de<m>o <ac>ode, / <de> certo seja, na forca / estando cerrou lh' a boca* (Longo 2003: 124).

¹⁷ Na pioneira edición michaëliana desta cantiga nas *Glossas Marginais* a grande editora portuguesa conservou a lección orixinal *vida* (Michaëlis 2004: 146-147); non obstante, pola incompreensión do texto, suxire a posibilidade de editar *apartado d' ajuda* e, mesmo, *apartado da vila*.

É máis, tal acepción tamén a achamos nunha cantiga de Fernan Garcia Esgaravunha, sen que fose advertida por ningún dos seus editores (Lapa 1970: 210-211; Spampinato Beretta 1987: 141-143; Lopes 2002: 141):

1530 / 43,4 FerGarEsg [B1511], v. 7:
e nunca vistes molher d'essa guisa
que máis limpia **vida** sábia fazer.

Deste modo, a lección *vida* 'comida' resulta indubitábel na cantiga de Joan Servando¹⁸:

Comeron infanções, en outro dia,
apartados na feira de Santa Maria,
e deron-lhi linguados por milhoria,
que nunca vi tan poucos des que naci.
*Eu con os apartados fui enton i
apartado da **vida**, e non comi.*

8. NONCA (vs. NUNCA)

O lat. NŪMQUAM derivou en *nunca* como resultado esmagadoramente maioritario, atestado desde os primeiros textos galego-portugueses. Porén, a carón de *nunca*, na lingua medieval rexístranse outras variantes, nomeadamente *nuncas* (con -s adverbial analóxico) e mais *nonca* e *noncas* (polo carácter breve da vogal tónica do étimo)¹⁹. E así acontece tamén na poesía trobadoresca profana, onde achamos a forma *nuncas* nunha cantiga de Afonso Eanes do Coton:

970 / 2,6 AfEaCot [B968/V555], v. 14:
e rog' a Deus que m' ajud' e mi valha
e **nuncas** valh' a que mi mal buscar.

Outrosí, nunha cantiga de Joan Garcia de Guilhade, a variante de B (<nōca> B, <nūca> V) debería ser considerada prioritaria, a pesar da opción en prol da forma *nunca* de V por parte de todos os editores (Nobiling 2007 [1907]: 99, Nunes 1973 [1928]: 171; Domingues 1992: 54; Cohen 2003: 245):

772 / 70,39 JGarGuilh [B755/V358], v. 9:
Os grandes nossos amores,
que mí e vós sempr' ouvemos,
nonca lhi cima fizemos
coma Brancafrol e Flores.

Ora ben, a nómima de variantes minoritarias de *nunca* na lírica profana aínda pode ser acrecentada con outra aparición subrepticia de *nonca*. No cancionero de Pero d'Armea existe unha composición que levanta un problema de edición nos tres últimos versos da derradeira estrofa, con texto fundamentalmente coincidente nos apógrafos italianos.

¹⁸ No período contemporáneo, este significado de *vida* aínda é recollido nos dicionarios de Cuveiro e mais no de Porto Rey (vid. RILG, s. v. *vida*).

¹⁹ De todos os xeitos, no TMILG só se rexistran vinte e sete ocorrencias de *nonca* (s. v. *nonca*, *nōca*, *nonqua*) e catro rexistros de *nuncas* (s. v. *nuncas*).

Eis a transcripción de B:

<E ñue dia foy p'mi entõ
Quando vj
Graue dia ca nũa eu dona tã fremosa ueerey>

En V:

<e ñue dya foy p'mi entõ quãdoa uy
ñue dia ca nũa eu dona tã f'mosa ueerey>

Tal secuencia manuscrita foi interpretada por Nunes (1972: 463), seguido moi recentemente por Fernández Campo (2012: 129), do seguinte xeito:

1092 / 121,9 PArm [B1090/V681], vv. 19-21:

e grave dia foy por mi enton,
quando a vi, grave dia, ca **non**
eu dona tan fremosa veerey.

Na realidade, o texto transmitido polos manuscritos, con errada división dos versos en BV, debe ser editado cunha tmese que faga transparecer a forma *nonca* sen alterar o esquema rimático ABABCCA da composición:

E grave dia por mí lhi falei
aquele dia [e]n que lh' eu fui falar,
e grave dia por mí a catei
dos meus olhos quando a foi catar:
e grave dia foi por mí enton
quando a vi, grave dia, ca **non-**
ca eu dona tan fremosa veerei.

Así, esta división silábica de *nonca* incrementa o limitado número de segmentacións versais que se documentan na nosa lírica profana. Con efecto, a tmese é un recurso con baixa frecuencia nos trobadores, xa que, para alén da división versal do clítico nos conglomerados de verbo e pronome(s) ou do sufixo nos adverbios en *-mente*, a tmese propiamente dita só se manifesta plenamente en varios versos da cantiga «Assi me trax coitado», da autoría de Don Denis (548.6-7, 12-14 e 19-21: *mor-/t'...*, *for-/te, conor-/t'...*), e mais noutros poucos exemplos ao longo do corpus trobadoresca profana galego-portuguesa: *di-/a* (482.1-2), *non-/ca* (1092.20-21), *Albar-/dar* (1379.8-9), *al-/çou* (1577.r1-2).

BIBLIOGRAFÍA

- ARBOR ALDEA, M. (2001): *O cancionero de don Afonso Sanchez*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- BARBIERI, M. (1980): "Le poesie di Roy Paez de Ribela", *Studi Mediolatini e Volgari* XXVII, pp. 7-104.
- BERTOLUCCI PIZZORUSSO, V. (1992 [1963]): *As poesías de Martin Soarez*. Vigo: Galaxia.
- BOULLÓN AGRELO, A. I. & H. MONTEAGUDO (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991 (1982). Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803)* (1973). Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura.
- CIPM: M. F. XAVIER (dir.): *Corpus Informatizado do Português Medieval* <<http://cipm.fcsh.unl.pt/>>
- CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, versión 7 (2010), Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades <<http://corpus.cirp.es/codolga>>
- CdP: M. DAVIES & M. J. FERREIRA (2006-): *Corpus do Português: 45 million words, 1300s-1900s* <<http://www.corpusdoportugues.org>>
- COHEN, R. (2003): *500 Cantigas d' Amigo*. Edição crítica / Critical edition. Porto: Campo das Letras.
- CSM: W. METTMAN (ed.) (1986-1989): Alfonso X el Sabio, *Cantigas de Santa María*. Madrid: Castalia (3 vols.).
- CUNHA, A. G. DA (1989 [1982]): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Editora Nova Fronteira.
- D'HEUR, J. M. (1975): *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècle): contribution à l'étude du «corpus des troubadours»*. Liège: Université de Liège.
- DOMINGUES, A. (1992): *Cantigas de João Garcia de Guilhade. Subsídios para o seu estudo linguístico e literário*. Braga: Editorial Franciscana (Edição da Câmara M. de Barcelos).
- FERNÁNDEZ CAMPO, F. (2012): *As cantigas de Pero d' Armea. Edición crítica e estudo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FERREIRO, M. (2010): “Os hapax como problema e como solución. Sobre a cantiga 493/18,11 [B 495/V 78] de Afonso X”, in M. Arbor Aldea & A. Fernández Guadianes (eds.): *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa*. Anexo 67 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 239-261.
- FERREIRO, M. (2012): “O subcorpus das cantigas de cavaleiros no cancionero profano galego-português. Notas linguístico-editoriais”, in L. M. Mongelli (org.): *E fizerom taes maravilhas... Histórias de cavaleiros e cavalarias*. São Paulo: Ateliê Editorial, pp. 305-323.
- FERREIRO, M. (2014): “Apostilas ao texto da cantiga *Don Beeito, ome duro* [B 1464, V 1074] de Joan Airas de Santiago”, in C. Esteve (ed.): *El texto infinito: reescritura y tradición en la Edad Media y el Renacimiento*. Barcelona: SEMYR, pp. 511-527.
- FERREIRO, M. & C. P. MARTÍNEZ PEREIRO & L. TATO FONTAÍÑA (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- FIGUEIREDO, C. DE (1978 [1939]): *Grande Dicionário da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livraria Bertrand.
- GAGO-JOVER, F. (2002): *Vocabulario militar castellano (siglos XIII-XV)*. Granada: Universidad de Granada.
- LAPA, M. RODRIGUES (1970 [1965]): *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*. Vigo: Galaxia.
- LONGO, N. (ed.) (2003): Dom Afonso Sanchez: *Le poesie. Edizione critica, introduzione, note e glossario*. Roma: Bagatto Libri.
- LOPES, G. VIDEIRA (2002): *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*. Lisboa: Estampa.
- LÓPEZ FERREIRO, A. (ed.) (1901): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago: Tipografía Galaica.

- LÓPEZ FERREIRO, A. (1975 [1895]): *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*. Madrid: Ediciones Castilla.
- LORENZO, R. (1977): *La traducción gallega de la Crónica Genera y de la Crónica de Castilla*. II. *Glosario*. Ourense: Instituto de Estudos Orensanos "Padre Feijoo".
- LORENZO, R. (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- METTMANN, W. (1972): *Cantigas de Santa Maria*. IV. *Glossário*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- MEYER-LÜBKE, W. (1972 [1935]): *Romanisches etymologisches Wörterbuch*. Heidelberg: Carl Winter - Universitätsverlag.
- MICHAËLIS DE VASCONCELOS, C. (1990 [1904]): *Cancioneiro da Ajuda*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- MICHAËLIS DE VASCONCELOS, C. (2004 [1896-1905]): *Glossas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*. Coimbra: Universidade.
- MONTERO SANTALLA, J.-M. (2000): *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*. Tese de doutoramento (inérita). A Coruña: Universidade da Coruña.
- NOBILING, O. (2007 [1907]): *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*. Ed. organizada por Yara Frateschi Vieira. Niterói - RJ: EdUFF.
- NUNES, J. J. (1928-29): "Contribuição para um dicionário da lingua portuguesa arcaica", *Revista Lusitana* XXVII, pp. 5-79.
- NUNES, J. J. (1972 [1932]): *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- NUNES, J. J. (1973 [1928]): *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- PAREDES, J. (2001): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica con introducción, notas y glosario*. L'Aquila: Japadre Editore.
- PAREDES, J. (2010): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica con introducción, notas y glosario*. Anexo 66 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- PELLEGRINI, S. (1969): "Il canzoniere di D. Lopo Liáns", *Annali dell'Istituto Universitario Orientale - Sezione Romanza* XI, pp. 1-38.
- PENSADO, J. L. (ed.) (1958): *Miragres de Santiago*. Ed. y estudio crítico de ... Madrid: *Revista de Filología Española - Anejo* LXVIII.
- REALI, E. (1964): *Le "cantigas" di Juyão Bolseyro*. Napoli: s.l.
- RILG: *Recursos Integrados da Lingua Galega* <<http://sli.uvigo.es/RILG/>>
- RIVAS QUINTAS, E. (1978): *Frampas. Contribución al diccionario gallego*. Salamanca: CEME.
- RIVAS QUINTAS, E. (1988): *Frampas II. Contribución al diccionario gallego*. Lugo: Alvarellos.
- RODRÍGUEZ, J. L. (1980): *El cancionero de Joan Airas de Santiago. Edición y estudio*. Anexo 12 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- SILVA, E. M. BRANCO DA (ed.) (2001): *Castelo Perigoso*. Edição crítica de ... Lisboa: Edições Colibri.
- SOUTO CABO, J. A. (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. Monografía 5 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- SPAMPINATO BERETTA, M. (ed.) (1987): *Fernan Garcia Esgaravunha, Canzoniere*. Napoli: Liguori Editore.
- TAVANI, G. (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell'Ateneo.

TMILG: X. VARELA BARREIRO (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Língua Galega*, Santiago de Compostela, Instituto da Língua Galega <<http://ilg.usc.es/tmilg>>

VITERBO, FR. J. DE SANTA ROSA DE (1965-66): *Elucidário das Palavras, Termos e Frases que em Portugal antigamente se usaram e hoje regularmente se ignoram*. Ed. crítica por M. Fiúza. Lisboa: Civilização.

EXEMPLAR PARA AUTORIA

